

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN BACHARELATO

1. CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS

A nota de cada avaliación (hai tres) obtense da ponderación dos instrumentos de avaliación empregados, a cal será a seguinte:

-Un 90% da nota será a valoración das probas escritas/orais realizadas referentes ós criterios de avaliación.

-Un 10% da nota será a valoración a través de táboas de indicadores.

Superarán o curso aqueles alumnos e alumnas que na media das tres avaliacións obteñan unha cualificación igual ou superior a 5. A súa nota terá un redondeo ata a unidade superior a partir do 8º decimal (incluído).

O alumnado que falta a unha proba de maneira xustificada realizará a devandita proba o primeiro día trala súa incorporación ás aulas, agás no caso de forza maior debidamente xustificada e informando ao profesor adecuadamente.

2. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos que non acaden un 5 na media das tres avaliacións terán a oportunidade de recuperar as avaliacións suspensas nunha proba escrita antes de finalizar o curso onde terán que resolver exercicios e contestar preguntas dos contidos máis relevantes das unidades traballadas.

Aqueles alumnos que non acaden unha media de 5 trala realización das recuperacións parciais poderán facer unha recuperación global en xuño (maio para 2º de Bacharelato) na que terán que contestar a preguntas dos contidos de toda a materia. O profesor aclarará cales son os contidos máis importantes que deben repasar e estará á súa disposición para resolver ás dúbidas.

A nota final do curso calcularase tomando a maior nota entre a da avaliación parcial suspensa e a da recuperación desta. Caso de se precisar unha recuperación global, a nota final será a máis alta entre a desta e a media das tres avaliacións.

Se o alumnado non acada o aprobado na convocatoria ordinaria, poderá presentarse á convocatoria extraordinaria ou proba extraordinaria de xuño, onde realizará unha proba escrita que tratará todos os contidos vistos durante o curso. Neste caso a nota final será a desta proba.

3. PROCEDIMENTO DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado que promocioe a 2º de bacharelato coa materia de Física e Química de 1º de Bacharelato suspensa terá que realizar unha proba escrita (100% da nota) cada trimestre coa que obterá a cualificación da correspondente avaliación.

A nota final do curso obterase da media das notas das tres avaliacións. Redondearase a nota a partir do 8º decimal.

No caso de non superar a materia con este criterio, o alumno terá oportunidade de ir á proba extraordinaria de xuño.